

# DECLARACIÓN DO CAIRO SOBRE DIREITOS HUMANOS NO ISLAM



[www.esculca.net](http://www.esculca.net)



A 19<sup>a</sup> Conferéncia Islámica de Ministros de Asuntos Exteriores (sesión de Paz, Desenvolvimento e Solidariedade) celebrada no Cairo, República Árabe de Exipto, do 9 ao 14 do mes de *muharram* de 1411 (31 de Xullo - 5 agosto 1990),

**Consciente** da dignidade do ser humano no Islam, en tanto que representante de Alá na terra;

**Recoñecendo** a importâncía de promulgar un documento sobre Direitos Humanos no Islam, que sirva de guia aos Estados membros nos diferentes aspectos da vida;

**Despois** de examinar as diferentes etapas do proxecto dese documento, así como o respectivo informe da Secretaria Xeral;

**Despois** de estudar o informe da Comisión de expertos legais celebrada en Terán do 26 ao 28 de Decembro de 1989;

## **ACORDA**

Promulgar a *Declaración do Cairo dos Direitos Humanos no Islam*, que proporcionará as pertinentes orientações xerais para os Estados membros no ámbito dos direitos humanos.

# DECLARACIÓN DO CAIRO SOBRE DIREITOS HUMANOS

Os Estados Membros<sup>1</sup> da Organización da Conferéncia Islámica

**Afirmando** o papel civilizador e histórico da Comunidade de crentes Islámica, instituída por Alá como a mellor comunidade, que legou á humanidade unha civilización ecuánime e universal que concilia a vida na terra con a vida no Alén, a ciencia e a fé, unha comunidade da que se espera hoxe que ilumine a via da humanidade, confundida por tantas crenzas e correntes de pensamento e ideoloxías contraditórias; e ofereza solucións para os problemas crónicos da sociedade materialista;

**Querendo** contribuir aos esforzos despregados pola humanidade para facer valer os direitos humanos con o fin de a protexer contra a explotación e a opresión e afirmar a sua liberdade e o seu direito a unha vida digna en consonáncia con a Xaria Islámica; e

**Conscientes** de que a humanidade, que realizou grandes progresos no plano material, continua e continuará a ter necesidade apremiante de unha profunda convicción relixiosa para suster a sua civilización e de unha barreira para salvaguardar os seus direitos;

**Convencidos** de que no Islam os direitos fundamentais e as liberdades públicas son parte integrante da Fé islámica e de que ningúen ten, por principio, direito a restrinxí-los total ou parcialmente, a violá-los ou ignorá-los, pois estes direitos son mandatos divinos ditados por Alá nos seus Libros revelados, que son o obxecto da mensaxe de que investiu o último dos seus profetas con intención de culminar as escrituras sagradas, de maneira que a observáncia de estes mandamentos sexa un signo de devoción, a sua negación, ou violación, constitua un acto condenábel do punto de vista da relixión, do cal todos os seres humanos son responsábeis individualmente e a comunidade de crentes colectivamente;

**Sobre estes alicerces,**

**Declaran** o seguinte:

## **ARTIGO 1º**

a. Todos os seres humanos constituen unha única familia cuxos membros están unidos pola submisión a Alá e a sua pertenza á posteridade de Adán. Todos os seres humanos, sen distinción de raza, cor, língua, relixión, sexo, filiación política, situación social ou calquer outra consideración, son iguais en dignidade, deveres e responsabilidade. A verdadeira fé, que permite ao ser humano realizar-se, é garantía da consolidación desta dignidade.

b. Todos os seres humanos son criaturas de Alá. O mais caro aos seus ollos é aquel que é útil aos Seus fillos. Só a piedade e as boas obras outorgan superioridade.

## **ARTIGO 2º**

a. A vida é un don de Alá, garantido a todos os seres humanos. Os individuos, as sociedades e os estados devén protexer este direito de calquer agresión. Non é posíbel suprimir unha vida se non é por esixéncia da Xaria.

b. É proibido recorrer a meios que conduzan á aniquilación da especie humana.

c. A preservación da vida humana até o termo fixado por Alá é un dever imposto pola Xaria.

d. A integridade do corpo humano deve ser preservada, e non será obxecto de agresión ou ataque sen motivo lexítimo. O estado deve garantir esta inviolabilidade.

## **ARTIGO 3º**

a. É proibido, en caso de uso da força ou conflito armado, matar persoas que non participan nos combates, tais como anciáns, mulleres e nenos. Os feridos e os doentes teñen dereito a receber tratamento médico e os prisioneiros a ser alimentados, aloxados e vestidos. É proibido mutilar os mortos. É un dever proceder á troca de prisioneiros, así como ao reagrupamento das familias separadas polas hostilidades.

b. A tala de árvores, a destrucción de cultivos ou de gando, a demolición de casas ou instalacións civis do inimigo mediante bombardemento, dinamitado ou calquer outro procedimento, están proibidos.

## **ARTIGO 4º**

Todas as persoas teñen dereito a que a sua dignidade e a sua honra sexan salvaguardadas en vida e despois da morte. O Estado e a sociedade devén protexer os seus restos mortais e o lugar en que son inumadas.

## **ARTIGO 5º**

a. A familia é o fundamento da sociedade. Basea-se no matrimonio. Os homes e as mulleres teñen direito a casar. Sen o seu consentimento non poderá pór-se obstáculo algun ao exercicio dese direito por razóns de raza, cor ou nacionalidade.

b. A sociedade e o Estado teñen o dever de eliminar os obstáculos ao matrimonio, de facilitá-lo, de protexer a familia e de prestar-lle toda a atención precisa.

cación e asistencia material, sanitaria e educativa; así mesmo protegerán o feto e a mai, proporcionando-lles cuidados adecuados.

b. Os pais, e aqueles que eventualmente ocupen o seu lugar, teñen direito a elección o tipo de educación que desean para os seus fillos, sempre que se teñan en conta os seus intereses e o seu futuro á luz dos valores morais e das prescripciones da Xaria.

c. Os proxenitores teñen derechos sobre os seus fillos, así como os familiares teñen derechos sobre os seus, de acuerdo con los preceptos da Xaria.

## **ARTIGO 6º**

a. A muller é igual ao home no plano da dignidade humana. Ten derechos e deberes. Goza de personalidade civil e de autonomía financeira, así como do derecho a conservar nome e apellidos propios.

b. A responsabilidade de manter a familia e velar por ella incumbe ao marido.

## **ARTIGO 8º**

Todas as persoas teñen capacidade legal segundo a Xaria, e as obligacións e responsabilidades que dessa capacidade decorren. No caso de incapacidade total ou parcial, aquellas serán asumidas polo seu tutor.

## **ARTIGO 9º**

a. A busca do coñecemento é unha obrigación. O ensino é un deber da sociedade e o estado, que deberán fornecer as vias e medios para o asegurar e garantir a preservación da diversidade en interese da sociedade e de maneira que permita a todas as persoas coñecer-

## **ARTIGO 7º**

a. Todas as crianzas, desde o nacemento, teñen derecho aos seus dous proxenitores. A sociedade e o estado fornecerán cuidado, edu-

ren a relixión islámica e descobriren as realidades do universo, con o fin de as pór ao servizo da humanidade.

b. Todas as persoas teñen direito a unha educación coerente e equilibrada, tanto relixiosa como secular, que será garantida polas diferentes estruturas de educación e de orientación, tais como a familia, a escola, a universidade, os meios de comunicación, etc. Esta educación deve desenvolver a personalidade das persoas, consolidar a sua fé en Deus, cultivar o sentido dos direitos e deveres e ensinar a os respeitar e os defender.

## **ARTIGO 10º**

O Islam é a relixión indiscutíbel. Non se poderá exercer nenun tipo de coerción sobre as persoas, nem aproveitar-se da sua pobreza ou ignoráncia, para obrigá-las a renunciar á sua relixión por outra ou polo ateísmo.

## **ARTIGO 11º**

a. O ser humano nace libre. Ninguén ten direito de escravizá-lo, submeté-lo, oprimi-lo ou explotá-lo. Non hai mais submisión que a submisión a Alá o Altísimo.

b. O colonialismo, en calquer das suas modalidades, e por tratar-

se de unha das piores formas de escravatura, é terminantemente proibido. Os povos que o sofran teñen o direito absoluto de se liberar del e de se autodeterminar. É un dever de todos os povos e estados cooperar na luta para a eliminación de calquier tipo de colonialismo e ocupación. Todos os povos teñen o direito de conservar a sua identidade e de controlar as suas riquezas e recursos naturais.

## **ARTIGO 12º**

Todas as persoas teñen direito, no cadro da Xaria, à libre circulación e elección do lugar de residéncia, dentro e fora do seu país. En caso de seren perseguidas, teñen direito de se refuxiar noutro país. O país de acollida deve conceder-lles asilo e garantir a sua seguranza, afora no caso de o exilio ter sido motivado pola comision de un crime contemplado na Xaria.

## **ARTIGO 13º**

O estado e a sociedade deverán garantir a todas as persoas aptas o direito ao traballo. Todos os individuos teñen liberdade para eleger o traballo que mellor conveña aos seus intereses e aos intereses da sociedade. O traballador ten direito á seguranza, benestar e protección, así como a todas as outras garantías sociais. É proibido en-

comendar-lle tarefas porriba das suas capacidades, submeté-lo a coerción ou explotación ou causar-lle prexuízos. As persoas traballadoras, sen distinción de sexo, teñen dereito a unha remuneración do seu labor xusta e sen atrasos. Teñen dereito igualmente a férias, indemnizacións e promocións que mereceren. Están obrigadas a ser leais e cuidadosas no traballo.

En caso de discrepancias entre traballador e empresario, o estado deverá intervir para arranxar o litíxio, emendar a inxustiza, sentar dereito e facer xustiza con imparcialidade.

## **ARTIGO 14º**

Todas as persoas teñen dereito a ganáncias lexítimas, sen especulación nenhuma, nen fraude, nem prexuízo para si mesmas ou para os outros. A usura é expresamente proibida.

## **ARTIGO 15º**

a. Todas as persoas teñen dereito á propriedade adquirida por medios lícitos. Poden gozar da propriedade sempre que non resulte prexudicial para elas proprias, para outras persoas ou para a sociedade. A expropriación non é permitida a non ser nos casos de utilidade pública e en troca de unha indemnización imediata e xusta.

b. A confiscación ou incautación de bens son proibidas, excepto disposición legal en contra.

## **ARTIGO 16º**

Todas as persoas teñen dereito a beneficiar dos frutos da sua producción científica, literaria, artística ou técnica. Os intereses intelectuais e materias xerados polo seu labor serán protexidos, sempre e cando non contradigan os preceitos da lei islámica.

## **ARTIGO 17º**

a. Todas as persoas teñen dereito a viver nun ambiente limpo de corrupción e vicios morais que lles permita desenvolver a sua personalidade. É dever do estado e a sociedade garantir este direito.

b. O Estado e a sociedade devén garantir a todas as persoas protección sanitaria e social, así como todos os servizos públicos necesarios, segundo as posibilidades.

c. O estado garantirá a todas as persoas o dereito a unha vida digna que lles permita atender as suas necesidades e as das persoas ao seu cargo, inclusive alimentación, vestido, aloxamento, instrucción, atención médica e o resto das necesidades básicas.

## **ARTIGO 18º**

a. Todas as persoas teñen dereito a estar seguras no que di respecto á sua vida, relixión, familia, honra e bens.

b. Todas as persoas teñen dereito a conducir con independéncia os asuntos relativos á sua vida privada, á sua casa, á sua familia, aos seus bens e ás suas relacións. Ninguén poderá ser submetido a espionaxe ou vixiláncia e non se poderá danar a sua reputación. Todas as persoas devén ser protexidas contra as intromisións arbitrarias.

c. A residéncia privada é inviolábel en todas as circunstán- cias. Non é lícito entrar sen autorización dos seus ocupantes ou de maneira ilegal. Non poderá ser demolida nem confiscada e os seus habitantes non poderán ser expulsados.

## **ARTIGO 19º**

a. Todos os individuos son iguais perante a lei, sen distinción entre governantes e gobernados.

b. A lei garante a todas as persoas o dereito de recurso perante a xustiza.

c. A responsabilidade é, esencialmente, persoal.

d. Non pode haver delito nem castigo en ausencia de disposicións previstas na Xaria.

e. Todos os imputados son inocentes encanto a sua culpabilidade non sexa establecida por un procedimento xusto con todas as garantías precisas para a sua defensa.

## **ARTIGO 20º**

Ninguén será arrestado, exiliado ou sancionado, nem verá res- trinxida a sua liberdade sen xustificación legal. É proibido inflixir torturas físicas ou psíquicas ou calquer outra forma de tratamento humillante, cruel ou contrário á dignidade humana. Ninguén será submetido a experiencias médicas ou científicas se non é con o seu consentimento e a condición de non pór en perigo a sua saúde ou a sua vida. Non é permitido ditar leis de excepción que per- mitan as autoridades executivas este tipo de prácticas.

## **ARTIGO 21º**

É proibido tomar reféns en calquer circunstancia e con cal- quer motivo ou pretexto.

## **ARTIGO 22º**

- a. Todas as persoas poderán expresar libremente a sua opinión, sempre e cando non contradigan os preceitos da Xaria.
- b. Todas as persoas teñen direito a prescrever o ben e a proscriver o mal, conforme aos preceitos da Xaria.
- c. A información é unha necesidade vital para a sociedade. É proibido facer un uso tendencioso dela ou manipulá-la para atacar os valores sagrados ou a dignidade dos profetas. Tampouco é permitido danar os valores morais e expor así a sociedade á desunión, á desintegración ou ao debilitamento da fé.
- d. É proibido incitar ao ódio étnico ou sectário ou realizar actos que conduzan á discriminacion racial sob calquer das suas formas.

## **ARTIGO 23º**

- a. Para gobernar é preciso inspirar confianza. Proíbe-se terminantemente o despotismo e o abuso, como garantía dos direitos fundamentais das persoas.
- b. Todas as persoas teñen direito a participar, directa ou indirectamente, nos asuntos públicos do seu país, así como a asumir funcións públicas, segundo estipulen os preceitos da xaria.

## **ARTIGO 24º**

Todos os direitos e os deveres estipulados nesta Declaración están suxeitos aos preceitos da Xaria Islámica.

## **ARTIGO 25º**

A Xaria Islámica é a única fonte de referencia para o esclarecemento e a interpretación de calquer artigo do presente documento.

*O Cairo, 14 muharram 1411 / 5 Agosto 1990*

<sup>(1)</sup> Estados membros da Conferéncia Islâmica en 1990: Afganistán, Arxélia, Chad, Exipto, Guiné, Indonésia, Irán, Xordánia, Kuwait, Líbano, Líbia, Malásia, Mali, Mauritânia, Marrocos, Níxer, Paquistán, Palestina, Iemen, Arábia Saudita, Senegal, Sudán, Somália, Tunísia, Turquia, Bahrein, Omán, Qatar, Síria, Emirados Árabes Unidos, Serra Leoa, Bangladesh, Gabón, Gâmbia, Guiné-Bissau, Uganda, Burkina Faso, Camaróns, Comores, Iraque, Maldivas, Djibouti, Benin, Brunei, Nixéria,

Estados que aderiron à Conferéncia Islâmica desde 1990: Azerbaixán, Albânia, Quirguistán, Tadxiquistán, Turcomenistán, Moçambique, Cazaquistán, Uzbequistán, Suriname, Togo, Guiana, Costa do Marfin.





Observatório para a Defesa dos Direitos e Liberdades

[www.esculca.net](http://www.esculca.net)